

Unha ducia de «lémbromes» sobre a lectura

Discurso de recepción do premio HematoFesti

Vigo 09/11/2024

0.0-. Gratidade

Boa tarde. Sodes xente amiga e coñecedes que son moi emotivo, dese tipo de persoas que chora nas películas, nos estadios e nos discursos, aventuro que sucederá como expresión da miña ledicia.

Como teño escasa voz agardo poder expresar toda a miña gratidade por ser tan agarimado polo HematoFesti e por todas vosoutras, persoas amigas que tecedes unha rede de afectos e complicidades que hoxe tanto me agarima.

Agradecer ás escritoras, que tanto admiro, Iria Misa polo seu discurso que me puxo colorado e me fixo lembrar emocionado e a Leticia Costas, capaz de promover esta fantasía de amor pola literatura, pola lingua e o humor deste festival en memoria de Hemato, organizado con Alberto Vázquez, Llerena Perozo e Matilde Rodríguez. Grazas.

Grazas a Montse, María e Ger, que me sosteñen sempre.

Grazas a Maripola, miña nai, unha rapaza de noventa, decana da nosa familia beleira, e as familias todas que formamos a tribo dos Bragado Paz Costas.

Grazas aos membros do meu equipo de Xerais e dos coles onde exercín.

0.1-. Lenda do recreo

No 2000, en plena pandemia, El Hematocrítico e Albert Monteys publicaron en Xerais dous títulos dunha serie infantil de banda deseñada titulada «Lendas do recreo» da que son fan por recoller con fidelidade a conversa da rapazada actual durante o recreo.

Como orientador e mestre de recreo de dous días a semana afinei a orela todo o que puiden e dou fe que os guións de Hemato destes libros son unha auténtica xenialidade, un retrato veraz do recreo contemporáneo.

É outro gran acerto de Leticia Costas foi o de nomear o premio de honra do Hematofesti co sintagma «Lenda do recreo», que dende agora levarei no meu currículum co orgullo e a responsabilidade que merece a memoria de Hematocrítico, riquiño entre os riquiños.

0.2-. A lectura na miña vida

Sei que recibo este premio polos meus oficios de mestre e editor educativo en lingua galega, con especial atención á literatura infantil e xuvenil. Dous oficios que afrontei coa humildade, constancia e a curiosidade do aprendiz, sempre disposto a mellorar, a abraiarme polo descoñecido e construír así coñecemento. Oficios ambos os dous unidos polo meu interese pola lectura e a escritura, dúas actividades esenciais na miña vida, fose no eido profesional do ensino e da edición fose no meu lecer e desenvolvemento humano.

A lectura e a escritura son dúas competencias de comunicación lingüística de adquisición progresiva que requiren dunha aprendizaxe individual demorada e sistemática, durante máis dunha década, transformada hoxe, en tempos de hibridación hipertextual, nunha actividade de alfabetización permanente.

Ler implica codificar, comprender, inferir. Escribir implica planificar, organizar, revisar e editar. Tamén colaborar e usar os medios dixitais. Nunca rematamos de aprender a ler e a escribir (compoñer textos). A lectura e a escritura singularízanos como seres humanos diversos, cada lectora percorreu un camiño distinto e único.

Xaora, as lecturas poden compartirse e incitarse por persoas amigas, docentes, bibliotecarios como os propios editores. Velaí o papel esencial destas persoas mediadoras, con forte pegada emocional, en espazos como os clubs de lectura ou na propia librería.

Somos o que lemos e escribimos, non importa xa sobre cal é o soporte, sexa o dos libros impresos máis fermosos, que tanto queremos, fosen as pantallas dos teléfonos que hoxe ocupan a maior parte do noso tempo de lectura e escritura. En case cinco décadas como lectores, Montse e máis eu, enchemos a casa con case quince mil libros en seis ou sete linguas, un mapa no que é posible trazar cada un dos nosos camiños de lectura.

O meu oficio non foi outro que o de facilitar a lectura e a escritura en lingua galega como mestre e como editor. Fun moi afortunado.

E hoxe quero compartir con vós unha ducia de «lémbromes» sobre outros tantos momentos da miña relación coa lectura, a escritura, a literatura infantil ao longo da miña vida. Unha homenaxe ao meu admirado Agustín que nos ensinou que nunca é tarde para lembrar e a Hematocrítico que fixo da curiosidade a razón que dá sentido ao relato das nosas vidas.

1-. Lémbrome da escola da señorita Celia (1963)

Nacín no Pirulí hai 65 anos. Son do barrio da «Acera volada», como o bautizou Xaime Fandiño, entre o paseo de Afonso e o inicio de Pi e Margall. Viviamos sete persoas nunha bufardiña do número 41 (hoxe 39).

Lémbrome que mamá, Maripola, sempre a nosa «coach», quixo que Manolito con tres ou catro anos fose a escola que a señorita Celia tiña no segundo ou terceiro andar do edificio que facía esquina coa rúa das Angustias, onde Rodrigo abriu a tenda de Spar. Lémbrome que cada un levamos o primeiro día cadanseu banquiño de madeira, que imaxino a avoa Filo mercaría na rúa dos cestos ou da Amargura. Alí aprendín a contar e trazar os primeiros palotes e bucles no pizarrín, que mellorei ao ano seguinte nas Carmelitas coa hermana Lidia, onde aprendín a ler e a escribir con caligrafía redonda e ligada, que o paso de seis décadas vai arruinando.

O das monxas foi o meu primeiro logro lector, asociado a un certo carácter arroutado que os meus irmáns representan no día no que tirei dende o balcón, onde xogaba con Eduardo, un tambor que fixo parar o tranvía que pasaba diante da casa. Vaia proeza tranviaria! A pesar de que acuñei nun Campo de Granada de *Faro de Vigo* a perda dos tranvías como «síndrome Siboney», o meu caso tivo máis que ver coa «síndrome do tambor de folla de lata». O que miña irmá Susi deixou documentado para a historia familiar no maravilloso *patchwork* que ganduxou cando fixen 60 anos. Cando chimpei o tambor non sabía que emulaba a Oskar, o protagonista da novela de Günter Grass, e que sería dende rapaz un antifascista que hoxe leva orgulloso na lapela o triángulo vermello invertido, que un día me agasallou o afouto camarada Luís Ferreiro.

2-. Lémbrome lendo nos chanzos da escaleira (1969)

Son lector autónomo e consciente grazas á señora Ángelita, a avoa dos da Favorita, os nosos veciños do primeiro. Lémbrome que fregaba co bru as escaleiras de madeira e colocaba enriba de cada chanzo unha folla do *Faro de Vigo* ou de *El pueblo gallego*, os xornais que lía don Juan, o noso caseiro. Unha oportunidade que ao subir e o baixar non perdiamos Eduardo e mais eu para ler nos titulares dos xornais. Probablemente, a pesar de que a memoria é moi enganosa, quero pensar que soubemos nalgunhas daquelas follas do primeiro paso de Neil Amstrong na lúa, xa que entón non tiñamos nin televisión nin teléfono nin lavadora.

Eduardo e máis eu fomos lectores curiosos e humildes, como Chus e Bego, nunha casa pequenísima onde a avoa e mamá lían nas novelas

de Corín Tellado que alugaban no estanco de Maruxa, onde tamén collían as medias. Precariedade que papá, viaxante de comercio, que por certo tiña unha letra moi bonita a bolígrafo, soubo mitigar mercando semana a semana no quiosco do paseo de Afonso do noso veciño, Pepiño Barcia o coxo, os cen títulos da colección de libros de RTVE editada por Salvat e anos máis tarde os fascículos da *Gran enciclopedia Gallega*. Penso que os títulos desa colección promovida polo entón ministro Manuel Fraga, foron os principais ingredientes da miña dieta lectora antes de marchar interno a Laboral aos trece anos.

3-. Lémbrome dos meus primeiros libros (1970)

Mais os libros da colección de Salvat non foron os primeiros que lin, que lemos Eduardo máis eu. Lémbrome que contaxiados polo espírito salesiano de San Xoán Bosco e Domingo Sabio, mercamos *Corazón*, o libro de Edmundo de Amicis, o que hoxe entendemos como un manual de educación emocional da fin do século XIX.

Lémbrome tamén de cantos meses me custou xuntar os cartos (da paga dun duro do avó Beleiro) para mercar o meu primeiro libro de seu na librería Galdós da Falperra, *Fabiola ou a igrexa das catacumbas* de Nicholas Wiseman editado nos clásicos de Bruguera.

No colexio líamos pouco e faciamos moita caligrafía. Lémbrome apenas daquel libro de *Lecturas históricas* (franquistas) de cuarto e, só algunhas veces, se nos portabamos ben, ler en alta voz os libríños de teatro de vidas exemplares (salesianas).

Lecturas confesionais dun rapaz que a finais da década dos sesenta tiña todo por descubrir e por ler. E por fortuna fun abrindo os ollos e facendo camiño lector.

4-. Lémbrome da primeira biblioteca na Laboral (1973)

Na Laboral da Coruña descubrín a importancia de contar cunha gran biblioteca, a que acudía sen falta unha tarde a semana a mudar os libros. Lémbrome que foron tres anos da escritura de moitas cartas, de escoitar todos os álbums de The Beatles, tamén de Serrat e Paco Ibáñez, de forma incansable, de ver centos de películas os mércores no cineclub de Xosé Manuel Pazos e da lectura de moitos libros, algúns que me deixaron unha pegada tremenda como *Cien años de soledad*.

Foi ademais na Laboral onde lin os primeiros libros en galego, a obra poética de Rosalía de Castro na edición de Aguilar. Tamén foi en Culleredo onde participei nas primeiras celebracións do 17 de maio

das que son consciente, as de Xoán Manuel Pintos en 1975 e de Ramón Cabanillas en 1976, xa falecido Franco.

Conservo como ouro en pano a edición príncipe de *Vento ferido* de Carlos Casares que merquei na feiriña improvisada do 17 de maio, cando asinaba cada libro que mercaba. Costume que abandonei como a de procurar sinaturas dos autores e autoras. No entanto son moi maniático cos libros, en canto comezo a lectura prego o lombo en catro partes, o que só é posible cando a encadernación é cosida. Odio a actual edición pegada, «americana» diría Crego, o noso expertísimo e admirado director de edición.

E resumindo, que non quero perder o fío, a Laboral marcoume como lector curioso e omnívoro, con intereses moi diversos. Non hai lector (nin coñecemento) sen esa curiosidade á espreita.

5-. Lémbrome da librería Almoneda (1974)

Lémbrome de Fina Cáccamo, a libreira da Almoneda, instalada a carón da imprenta Olimpia e da confeitaría Ramos, fronte da nosa casa, onde vin no escaparate entre libros de vello os primeiros libros en galego das Edicións Castrelos.

Alí merquei o primeiro libro en francés da miña biblioteca. Daquela non coñecía ao poeta Darío Xohán Cabana, que traballaba na rebotica como editor, aínda que si a don Xosé María Álvarez Blázquez, propietario dun coche estranxeiro rarísimo, que aparcaba na nosa rúa.

Quen me diría entón que o editor daqueles libriños do Moucho sería co tempo unha das figuras do galeguismo que máis admiraría!

6-. Lémbrome de cando comecei a falar galego (1975)

Lémbrome de agosto de 1975, cando fun con Quique del Bosque e Xosé Luis Nieto Pereira ao noso primeiro curso de galego que impartía a profesora Maricarme Panero no actual Instituto Politécnico. Utilizabamos como libro de texto aquel *Galego 1* do Instituto da Lingua Galega.

Aquel verán Pelos regaloume *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro na primeira edición de Castrelos. Ao curso da admirada Panero tamén asistiron outros membros do que chamo a «Xeración do *Polycommander*», como Antón Reixa, veciño noso de Llorente, onde vivían seus avós.

E como se enguedellan as lembranzas coma cereixas de Beade, lémbrome que tres anos despois coñecín nunha sesión de *Viridiana* no Fraga a Montse, o mellor que me sucedeu na vida. Foi ela a que me agasallou a primeira edición de *Silabario da turbina* dos Rompente, o libro literario emblema dos Polycomander, abrindo a nosa biblioteca galega compartida na que foron entrando os libros de Ferrín, Queizán e o *Adios María* da Xohana Torres, entre tantos outros.

Dende entón, hai case medio século, asumín o galego como a miña lingua oral habitual, na que escribo todos os meus textos e na que leo de forma preferente sempre que poido.

Hoxe xa retirado das miñas actividades profesionais expreso o meu orgullo de ser un mestre, editor e escritor de artigos monolingüe.

7-. Lembrome da primeira escola en Budiño (1983)

Lémbrome do colexio da Cruz Budiño, no Porriño, a primeira escola que compartín con Chiño Barral, os primeiros mestres de preescolar de Galicia. Un tempo de entusiasmo onde foron decisivas as reunións dos luns do Grupo de Preescolar da Casa do Mestre, no edificio Odriozola, caído na rúa García Barbón, animado por mestras irrepetibles como Ana María Roris, Dolores Portabales ou Carme Campo Gándara.

Lémbrome do 29 de marzo de 1984, cando na asemblea da clase de 5 anos, na que faciamos textos libres orais, Natalia lostregounos cunha xenialidade poética: «Sabes, Manolo?, no mar tamén pode chover». Un texto que expresa o pensamento transdutivo infantil do que escribiu Jean Piaget ao tempo que o poder insurxente das palabras pronunciadas na aula.

Dende entón documentei a produción oral das asembleas, hoxe o tesouro literario, case todo en lingua galega, máis valioso que conservo do meu alumnado. Elas e eles foron as miñas lendas do recreo. Leo dous deses tesouros.

5 de abril de 1984, Ángeles: «Miña nai foi onte ao médico da residencia a sacar o neno e morreulle e se enterrou».

31 de maio de 1984, despois da eclipse, Óscar: «A luna chocaba contra o sol e os anacos do sol desaparecían».

Textos que continuei recollendo na escoliña de Balinfra en Camos, onde plantamos unha moreira, até o 5 de outubro de 1990, cinco días antes de incorporarme a Xerais para facer os libros de texto da

reforma da LOXSE do ministro José María Maraval. Unha marea prevista de dous anos que se alongou a 28 frenéticos de actividade e aprendizaxe. Xerais foi a miña universidade da edición.

Dende 1986 viña visitando a editorial, cando amiguei con Roberto, Siro e Celia, como enlace coa editorial do consello de redacción da *Revista Galega de Educación* de Nova Escola Galega animada dende entón polo meu benquerido profesor Antón Costa Rico.

8-. Lémbrome de facer un millón de quilómetros (1994)

Nos vinte oito anos de traballo na editorial fixen un millón de quilómetros en dous Lagunas e dous Audi 4. Nalgún momento de desánimo, cando chegaba de madrugada a casa, algunhas veces capeando o temporal, pensei que antes ca editor o meu oficio era o de chofer ou viaxante como papá.

E abofé que estou orgulloso de semellante quilometraxe na que acompañei polo país enteiro aos autores e autoras na presentación das súas novidades. Como feliz de ter continuado o itinerario do premio Xerais por Galicia enteira, antes de fixalo nas inesquecibles edicións que Celia Torres, a nosa directora de Promoción, organizou de forma brillantísima na illa de San Simón.

Acompañar obriga á discreción, mais tamén facilita a conversa, a confianza, o rexoube, a confesión, o debate político, a compartir os sonhos, os proxectos, as desgrazas, as doenzas e as decepcións. Ademais de colaborar na fixación do texto, no deseño e na escolla de formatos e materiais de impresión e acabado, o editor ten que asumir unha disposición incondicional para compartir camiño cos autores e autoras.

9-. Lémbrome da primeira crítica a «Fóra de Xogo» (1995)

Lémbrome da primeira crítica a aparición dos catro títulos iniciais da colección Fóra de Xogo, de dúas narradoras e dous narradores. O 25 de xaneiro de 1995 o semanario de referencia na crítica literaria dedicaba unha páxina a recibir a nova colección para xente nova de Xerais con dous textos, unha crítica suave ás novelas masculinas e outra feroz as novelas das dúas autoras, que completaba cun texto de opinión titulado: «Literatura de pai irrecoñecíbel». Un pao durísimo que no meu primeiro ano como director e primeiro proxecto concibido para a formación do lectorado literario ensinome que a discreción e a resiliencia serían imprescindibles no oficio de editor.

Nunca contestei a unha crítica negativa e, a pesar daquel primeiro mal agoiro, Fóra de Xogo chega hoxe aos 220 títulos, algúns literariamente memorables como *Cartas de inverno* de Agustín Fernández Paz ou *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* de Leticia Costas, acadando vendas superiores ao millón de exemplares.

10-. Lémbrome de *Golfiño* (1999)

Lémbrome da aparición en febreiro de 1999 do número 0 da revista infantil *Golfiño*, dirixida por Miguel Vázquez Freire e Fausto, con Isabel Soto na redacción, catorce números publicados sen axudas públicas en dous anos, o fracaso editorial do que me sinto máis orgulloso xa que supuxo un fito decisivo para a edición de banda deseñada infantil en galego. *Golfiño* que tiña a nosa María como primeira lectora da xeración do Xabarín Club de «non todo é o que parece amigo, hai que pensalo moi ben...».

Fracaso necesario de *Golfiño*, como o anterior da revista *Bravú*, nunha etapa na que lembro a editorial como unha factoría de innovación (tamén de entusiasmo), na que abrimos a primeira web editorial en Galicia, anosamos Elmer ao galego, reinventamos os clásicos de Xabari, creamos a colección «Cabalo buligán» de literatura de tradición oral e publicamos o *Diccionario dos seres míticos* de Miranda, Cuba e Reigosa.

Como unha década máis tarde convocamos o Premio Jules Verne de literatura xuvenil e aparecerían dúas grandes obras do folclore infantil como *Chirlosmerlos* e *Tastarabás* de Antón Cortizas, en edicións ao coidado de Ramón Domínguez.

Editora como factoría de innovación educativa e lectora en lingua galega, na que deseñamos o primeiro libro de texto dixital (unha proeza nunca recoñecida do meu admirado Noli Moo), o primeiro epub en galego, os primeiros álbums con casete, e máis tarde con cedé e cederrón, cuxo seguimento e recepción quedou recollido naquel pioneiro blog de Xerais (2005), espazo hoxe incompreensiblemente inaccesible na rede, a pesar de ser un dos máis visitados en galego durante unha década.

Certo é que vivimos dende 2010 afogados polo Decreto de Plurilingüismo, que arruinou a nosa edición educativa e fixo retroceder o uso do galego na cativada, algo do que non teño dúbida. Por ventura, dende 1994 comezamos a abrir camiño na difícil colleita de Premios Nacionais a libros publicados en galego por Xerais dende os pioneiros de Xabier Docampo, Suso de Toro, Agustín Fernández Paz e Justo Beramendi ate os máis recentes de Leticia Costas e Antonio García Teijeiro.

11-. Lémbrome de cando abrín o blog de Brétemas (2005)

Lémbrome que o 3 de xaneiro de 2005 publiquei a primeira anotación do meu blog Brétemas, un proxecto de escritura dixital con case vinte anos, onde ademais do arquivo da miña produción xornalística no *Faro de Vigo* (mil cincocentos artigos) e noutros medios (*Luzes*, *Tempos novos* e *Nós diario*), aparece a crónica dos meus activismos e afeccións diversas: fútbol, música, cine...

Daquela primeira anotación, titulada «Brétemas de esperanza», recollo un anaco, que anticipa a intención de toda a miña escrita desta dúas décadas:

«Recibo no móbil e nas caixas de correo moitos votos de primeiro ano reclamando o cambio político para Galicia. *Saúde e que cante o merlo! Que o ano novo veña preñado de esperanza!*... escribenme os amigos, convencidos de que as súas palabras poden axudar a que xermole o que hai tantos anos agardamos. Sen embargo, a máis conmovedora destas mensaxes díxoma no Froxán un dos rapaces organizadores da Pisa, cando alá fomos a comezos de decembro, cun neboeiro mesto, da man de Xesús Marcos e Gloria Gallego, escoitar o canto do brelo: "Manolo: para remoer a pedra hai que facelo dende o fondo da fraga"».

A escritura no blog servíume de aprendizaxe constante arredor da cultura dixital, un proceso que inicié con Montse en Bande cando na ferraxaría de Abraham mercamos en 1988 o primeiro Comodore de flopis.

12-. Lémbrome do cole Laredo (2019)

E non podo rematar estas lembranzas sen falar do Colexio de Laredo, onde partillei catro cursos. Co respecto para o Lope de Vega, Cedeira, Bande, Camos, Laredo será sempre o meu cole, onde compartín afectos tecidos nas xuntanzas semanais coas titoras e o meu equipo de orientación, onde tanto falamos da aprendizaxe da lectura e as súas dificultades. Para non demorarme en andrómenas, resumirei que Laredo expresa para min o papel revolucionario dun grupo de mestras que fan comunidade. Grazas, Abraham, ás dúas Anas, María, Sesi, Marica, Carmen, Paula, Estela, Noelia e Ángeles.

Mención á parte merece a experiencia do Club de Lectura de Laredo que complementa a lectura coas merendas de froita con chocolate, nos que lemos libros de Leticia Costas, Iria Misa, María Reimóndez, Roal Dahl, Pablo Nogueira, Agustín Fernández Paz, entre outros, e

por suposto El Hematocrítico, un dos autores preferidos dos nosos e nosas lecturaclubistas.

12 + 1-. Lémbrome de Hemato (2023)

E remato, que xa vai tempo de leria.

Lémbrome do mércores 8 de novembro de 2023, hai xusto un ano, cando con Leticia, Montse e Miguel compartimos unhas ameixas e un arroz con lumbrigante en Casa Rei na praia de Arealonga, mentres fóra despregábase o dioivo. Un xantar moi rico, animadísimo de risas e brincadeiras, cheo tamén de anuncios de proxectos e colaboracións. Un encontro que non sabiamos sería o derradeiro co Hemato.

Lembreino moitas veces dende o seu pasamento, como aquel primeiro do 3 de agosto do 2016 na Feira da Coruña, onde con Alberto Vázquez asinaba alicientes de *Feliz feroz* e *Axente riciños*, os primeiros títulos publicados no catálogo de Xerais, anosados ao galego e coidados pola artesá das palabras que é Anaír Rodríguez.

Tanto daquela primeira como da derradeira aperta conservo aínda na memoria sinestésica o calor dos afectos e das complicidades dos días felices. Grande Hemato!

E Dona Carme

E como vimos celebrar a Hemato e as lendas do recreo, quero convidarvos a compartir comigo a lectura de *Dona Carme*, o conto que en 1989 ilustrou Pepe Carreiro e publicou Ir indo, na colección «O parrulo», que argallei con Xosé Manuel González Barreiro *Oli*. Unha adaptación dun conto popular recollido por Maruxa Barro e Quique Harguindey que contaba nas miñas aulas dende o primeiro curso e que se espallou na década de 1990 por moitas aulas de infantil e novas versións teatrais.

Non sei se me chegará a voz, que de xebrarse, continuarán Iria Misa e Lois Pérez, os meus valedores. Aí vai *Dona Carme* con toda a miña gratitude por escoitarme e desexar que gocedes de moitos días felices. Que sexa a luz dos afectos a que vos guíe.

Manuel Bragado

Vigo, 9 de novembro de 2024